



ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

**DILIXENCIA Nº 3 FORMULACIÓN DE PROPOSTA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE LOTE 1: UNIDADES MODULARES DE COMPOSTAXE, CAIXÓNS ESTRUTURANTES E OBRA CIVIL AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

**Datos do contrato:**

Expte. Deputación: 2019013701	Expte. Subv: 953/2019	Expte. 1650/2021	Contratación
Tipo de contrato: SUBMINISTRO			
Obxecto do contrato: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (COMPOSTAXE, PANEIS INFORMATIVOS E SISTEMA DE VÍDEO VIXILANCIA)			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado sumario con división en lotes			
Tramitación: ordinaria			
Código CPV:	39234000-1 Caixas para compost. 45213280-9 Traballos de construción de instalación de compostaxe. 34928472-7 Postes indicadores. 35120000-1 Sistemas e dispositivos de vixilancia e seguridade.		
Prezo estimado: 30.103,37 €	IVE: 6.321,71 €	Orzamento base de licitación: 36.425,08 €	
Duración: 1 MES			
Subvención PLAN CONCELLOS 2019: 34.961,38 € (95,9816 %)		Fondos municipais: 1.463,70 €	
Aplicación orzamentaria 2021.1720.62301		Proxecto gasto: 2021/0006	
Retención de crédito nº 2021/EP/003128.		Importe retido: 36.425,08 €	

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
LOTE 1.UNIDADES MODULARES COMPOSTAXE (UMC), CAIXÓNS ESTRUTURANTES (CCC) E OBRA CIVIL	21.843,87	4.587,21	26.431,08
LOTE 2. PANEIS INFORMATIVOS	5.501,50	1.155,32	6.656,82
LOTE 3. SISTEMA VÍDEO VIXILANCIA	2.758,00	579,18	3.337,18
Investimento total proxecto.	30.103,37	6.321,71	36.425,08

Na oficina do Servizo de Contratación, reúnese, o día **24 de maio de 2021**, ás catorce horas e trinta minutos, como Unidade Técnica de Contratación, o arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares (*vídeo conferencia*) e a funcionaria do Servizo de Contratación, D<sup>a</sup> Mar Mondragón Treviño (*presencial*), aos efectos de tratar o asunto seguinte:

**FORMULACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE: LOTE 1.- UNIDADES MODULARES DE COMPOSTAXE, CAIXÓNS**



Cod. Validación: 4XJQAC6GXEKDF4E64RJCX9 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## ESTRUTURANTES E OBRA CIVIL AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

### 1.1. ANTECEDENTES.

Seguidamente transcríbese o acordo adoptado pola Unidade Técnica de Contratación, en sesión celebrada o día 20/05/2021, en relación co asunto “*Formulación de proposta ao órgano de contratación para a resolución do recurso de alzada presentado pola empresa “VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L.” ao Lote 1: Unidades modulares de compostaxe (UMC), caixóns estruturantes e obra civil*”, e que di:

“... A **Unidade Técnica de Contratación**, á vista de todo o actuado, acorda formularlle ao órgano de contratación a adopción dos acordos seguintes:

**Primeiro.-** Que se **admita** o recurso presentado pola empresa “VERMICAN, S.L.” contra a proposta de adxudicación do **LOTE 1. UNIDADES MODULARES COMPOSTAJE (UMC), CAIXÓNS ESTRUTURANTES (CCC) E OBRA CIVIL**, formulada pola Unidade Técnica ao órgano de Contratación, en sesión do 10/05/2021, a favor da empresa “ALQUI-ENVAS, S.L.”, por incumprir a oferta desta última o prego de características técnicas ao non dispoñer o composteiro de tapa metálica; e,

**Segundo.-** Que se **exclúa** a oferta de “ALQUI-ENVAS, S.L.” do procedemento de licitación, de conformidade co establecido na Cláusula 15.- Criterios de selección do Prego, que se transcribe seguidamente: “... *Acompañando ao Anexo II, deberán unirse as características técnicas, funcionais e a marca do material a subministrar, que cumprirá coas determinacións establecidas na Memoria-valorada.= A oferta que non cumpra as determinacións mínimas da Memoria-valorada será rexeitada e excluída da licitación mediante resolución motivada, previo informe técnico no que se acredite tal vicisitude...*”

### 1.2. RESOLUCIÓN POLO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO RECURSO DE ALZADA, PRESENTADO POLA EMPRESA “VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L.”, CONTRA A PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 1, FORMULADO POLA UNIDADE TÉCNICA, EN DATA 10/05/2021.

A Unidade Técnica de Contratación, á vista do establecido polo artigo 121.1, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, deu traslado ao órgano de Contratación da súa proposta do 20/05/2021, relativa á “*Formulación de proposta ao órgano de contratación para a resolución do recurso de alzada presentado pola empresa “VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L.” ao Lote 1: Unidades modulares de compostaxe (UMC), caixóns estruturantes e obra civil*”.

O órgano de contratación, con data 24/05/2021, ditou o **Decreto 2021-0687 (RESOLUCIÓN ALCALDÍA DO RECURSO ALZADA PRESENTADO POR VERMICÁN S.L. CONTRA PROPOSTA ADXUDICACIÓN LOTE 1, FORMULADO POLA UNIDADE TÉCNICA, EN DATA 10/05/2021)**, do que se transcribe a parte dispositiva e no que resolve o seguinte:

“...**RESOLVO:**





ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

1. **Admitir o recurso de alzada interposto por Vervicam SL, contra o acordo da Unidade Técnica de contratación do 10.02.2021, ao ser presentado en tempo e forma.**
2. **Estimalo atendendo ao informe da unidade técnica de 20.05.2021, deixando sen efecto a emisión de proposta de adxudicación en favor da empresa Alqui-Envás SL do lote nº 1 do contrato de acordo coa motivación que se transcribe.**
3. **Notificar a presente resolución aos licitadores interesados...**

### **1.3. FORMULACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE LOTE 1: UNIDADES MODULARES DE COMPOSTAXE, CAIXÓNS ESTRUTURANTES E OBRA CIVIL AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

Visto que, por Decreto de Alcaldía 2021-0687, de data 24/05/2021, se admite o Recurso de Alzada interposto por “VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L.” e, por outra banda, se deixa sen efecto a proposta formulada por esta Unidade Técnica de Contratación, en data 10/05/2021 (Dilixencia nº 1), deberá procederse novamente a formular proposta de adxudicación do contrato de “Subministro de material para o Servizo de Medio Ambiente LOTE 1: Unidades Modulares de compostaxe, caixóns estruturantes e obra civil”.

A **Unidade Técnica de Contratación**, á vista de todo o actuado, acorda:

**Primeiro.-** Formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato de “SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. LOTE 1: UNIDADES MODULARES COMPOSTAXE (UMC), CAIXÓNS ESTRUTURANTES (CCC) E OBRA CIVIL”, a favor da empresa “VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L.”, polo prezo que se describe seguidamente:

OFERTANTE	Prezo	Ive	Prezo Ofertado	Baixa
VERMICAN SOLUCIONES COMPOSTAJE, S.L.	20.327,69	4.268,81	24.596,50	1.834,58

**Segundo.-** Publicar a presente Dilixencia na Plataforma de Contratos de Galicia, na web municipal e que se notifique a tódolos licitadores participantes no procedemento.

Rematada a reunión sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos, esténdese a presente Dilixencia, no lugar e data indicados no encabezamento, que asinan electronicamente os membros da Unidade Técnica de Contratación.

